

Mércores, 6 de febreiro de 2019

Núm. 26

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**BUEU**

**Convocatorias Xuíz de Paz**

*APERTURA DA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR*

*Expediente:* 2932/2018.

*Código SIA:* 1429572.

*Procedemento:* Xulgado de Paz.

*Asunto:* Elección do Xuíz de Paz titular do Xulgado de Paz de Bueu.

*Unidade Xestora:* Departamento de Secretaría.

*Documento:* Anuncio de Alcaldía.

*Trámite:* Anuncio da apertura dun período de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes-candidaturas a Xuíz de Paz titular do Xulgado de Paz de Bueu.

*ANUNCIO*

Téndose recibido Comunicación da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza en orde ao inicio do expediente para a elección do Xuíz de Paz titular do Xulgado de Paz de Bueu.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica de Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz (Anexo III do ACORDO de 7 de xuño de 1995, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial- BOE núm. 166 de 13.7.1995), realízase a seguinte convocatoria pública para a elección de Xuíz de Paz Titular.

*PRIMEIRO.—OBXECTO*

Elección polo Pleno do Concello de Bueu de Xuíz de Paz Titular, de conformidade co artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial e 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

*SEGUNDO.—REQUISITOS DOS SOLICITANTES*

Poderán ser nomeados Xuíz de Paz, os que, aínda non sendo licenciados en Dereito, reúnan os requisitos para o ingreso na carreira xudicial, e non estean comprendidos en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidade previstas para o desempeño das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís, de conformidade ca Lei Orgánica do Poder Xudicial e o Regulamento 3/1995.



Mércores, 6 de febreiro de 2019

Núm. 26

*TERCEIRO.—SOLICITUDES*

As solicitudes de presentación de candidatura para a elección de Xuíz de Paz, no prazo antes referenciado, poderanse presentar:

- De xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Bueu, na seguinte dirección <https://bueu.sedelectronica.gal/>
- A través do Rexistro Xeral do Concello de Bueu de 8 a 14 horas de Luns a Venres.

Asemade, poderanse presentar por outro medio dos dispostos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

*CUARTO.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES*

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

*QUINTO.—DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR A SOLICITUDE*

Xunta ca solicitude acompañarase a seguinte documentación:

- Certificado de Nacemento ou fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- Certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.
- Relación e xustificación dos méritos alegados polo solicitante.
- Declaración do solicitante sobre os seguintes extremos:

1) Que cumpre tódolos requisitos para ser nomeado Xuíz de Paz previstos pola Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

2) Que reúne os requisitos de capacidade establecidos no Título II do Regulamento número 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz e na Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

3) Que non incorre en ningunha das incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, coa excepción das contempladas no artigo 14.2.b) do Regulamento número 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

